

## **ROGO DE AER SOBRE BAIXAS NO CONCELLO**

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

No pasado pleno preguntamos por que non se cobren as baixas de persoal no Concello, sobre todo as de maternidade, e responderon que é por austeridade e porque non da tempo a convocar as prazas. Nós pensamos que cando menos nos permisos de maternidade isto non é escusa suficiente, xa que hai bonificacións fiscais e hai tempo dabondo para convocar a praza. Consideramos que o feito de non cubrir as baixas perxudica aos dereitos dos traballadores públicos, ao verse aumentada a súa carga de traballo e seguramente tamén afecta aos seus descansos, e sobre todo repercute directamente nunha peor prestación de servizos públicos aos veciños e veciñas. Por todo isto, rogamos ao equipo de goberno que cubra os permisos de maternidade e as baixas que non sexan de curta duración.